- **Interrogativa**: ***to be*** en presente + suxeito + ***going to*** + verbo na forma base.

  ***Is** she **going to come** to the ski resort with us?*
  (Vai vir ela á estación de esquí connosco?)
- **Respostas curtas**: ponse o pronome persoal suxeito + o verbo ***to be***, sen contraer en afirmativa ou contraído coa partícula ***not*** en negativa.

  ***Are** you **going to do** judo next year? Yes, I **am**. / No, I**'m not**.* (Vas facer judo o ano que vén? Vou. Si. / Non.)

### Os usos do futuro con *be going to*

| | |
|---|---|
| Falarmos de intencións, plans ou decisións | *I'**m going to paint** the house.* (Vou pintar a casa.) |
| Expresarmos o que vai ocorrer pois hai indicios diso | *She **is going to have** a baby.* (Vai ter un bebé.) |

- Con ***be going to*** adoitan empregarse as seguintes **expresións temporais**: ***later*** (máis tarde), ***soon*** (axiña), ***in an hour*** (dentro dunha hora), ***tomorrow*** (mañá), ***next week*** / ***month*** / ***year*** (a semana / o mes / o ano vindeiro), etc. Todas poden ir ao comezo ou ao final da frase, mais adoitan poñerse ao final.

  *The match **is going to start in an hour**.*
  (O partido vai comezar dentro dunha hora.)

## O *PRESENT CONTINUOUS* CON VALOR DE FUTURO

- O *Present Continuous* expresa o que está a ocorrer no presente, mais tamén se emprega para anunciar plans persoais que ocorrerán no futuro próximo pois se fixaron de antemán.

  *We´**re playing** a football match on Saturday.*
  (Xogaremos un partido de fútbol o sábado.) [xa se decidiu]
- Distínguese de ***be going to*** en que expresa algo certo, non unha intención, e do *Present Continuous* normal nas expresións temporais, que se refiren ao futuro e non ao presente: ***soon*** (axiña), ***later*** (máis tarde), ***tomorrow*** (mañá), ***tonight*** (esta noite), ***next week*** / ***month*** / ***year*** (a semana / o mes / o ano que vén), etc.

  *He **is leaving this afternoon**.* (Marcha esta tarde.)

  *We **are competing** with them **tomorrow**.*
  (Competimos con eles mañá.)

**UNIT 6**

## O COMPARATIVO DOS ADXECTIVOS

Para compararmos dúas cousas, animais ou persoas empréganse os adxectivos en grao comparativo.

- O comparativo de **superioridade** (máis ... que/ca/do que) emprégase para comparar dúas cousas, animais ou persoas cando unha supera á outra nalgún aspecto. Para formalo cómpre reparar na lonxitude do adxectivo.

  **1.** Se ten 1 sílaba, ou 2 e remata en ***y***, considérase curto e engádeselle a terminación ***-er***. Detrás pónselle a partícula ***than***.
  *The silver ring is **cheaper than** the gold one.*
  (O anel de prata é máis barato que o de ouro.)

  Nos seguintes casos, o adxectivo muda ao lle engadir ***-er***:

  - Se ten 1 sílaba e remata en **1 vogal** + **1 consoante**, dóbrase esa consoante:
    *thin - thin**ner***  *big - big**ger***
  - Se ten 2 sílabas e remata en **consoante** + ***y***, cámbiase o ***y*** por un ***i***:
    *craz**y** - craz**ier***  *luck**y** - luck**ier***
  - Se remata en ***l***, duplícase a devandita letra:
    *cruel - crue**ller***
  - Se conclúe en ***e*** mudo, só se engade ***-r***:
    *nic**e** - nic**er***

  **2.** Se o adxectivo ten 2 sílabas ou máis, é longo e a comparativa fórmase con ***more*** + adxectivo + ***than***.
  *Villages are **more peaceful than** cities.*
  (As vilas son máis tranquilas que as cidades.)
- O comparativo de **inferioridade** fórmase con ***less*** + adxectivo + ***than*** (menos ... que/ca ou do que).

  *Mountains are **less crowded than** beaches in the summer.*
  (As montañas están menos ateigadas que as praias no verán.)

## O SUPERLATIVO DOS ADXECTIVOS

- Emprégase para compararmos máis de dúas cousas, animais ou persoas e dicir que unha destaca sobre as demais. Leva ***the*** diante do adxectivo e tamén cómpre ter en conta a súa lonxitude:
  - Se é curto, engádeselle a terminación ***-est*** segundo as mesmas regras para formar o comparativo con ***-er***.
    *This is* ***the cheapest*** *necklace in the shop.*
    (Este é o colar máis barato da tenda.)
  - Se é longo, ponse diante ***the most***.
    *This forest is* ***the most pleasant*** *place I know.*
    (Este bosque é o lugar máis agradábel que coñezo.)
- O superlativo pode ir seguido das preposicións ***in***, ***of*** e ***on***.
  *Spring is* ***the most colourful*** *season* ***of*** *the year.*
  (A primavera é a estación máis colorida do ano.)
- Para sinalar que alguén ou algo é inferior que o resto nalgún aspecto emprégase a estrutura ***the least*** + adxectivo.
  *Deserts are* ***the least noisy*** *places in the world.*
  (Os desertos son os lugares menos ruidosos do mundo.)

### Os adxectivos irregulares

Ao non seguiren regra ningunha, cómpre aprender as súas formas comparativa e superlativa de memoria.

| Adxectivo | Comparativo | Superlativo |
|---|---|---|
| **good** (bo/boa) | better | best |
| **bad** (malo/a) | worse | worst |
| **far** (afastado/a) | farther / further | farthest / furthest |
| **little** (pouco/a) | less | least |

## *AS ... AS / TOO ... / (NOT) ... ENOUGH*

- O comparativo de **igualdade** fórmase con *(**not**)* ***as*** + adxectivo + ***as*** ((non) tan / tanto ... como/ coma).
  *This table is* ***as heavy as*** *an elephant.*
  (Esta mesa é tan pesada como un elefante.)
  *Mount Aneto is* ***not as high as*** *Mount Everest.*
  (O Aneto non é tan alto coma o Everest.)
- ***Too*** vai diante do adxectivo e sinala que a cualidade expresada por este é excesiva. Significa "de máis", "demasiado".
  *These earrings are* ***too expensive*** *for me.*
  (Estes pendentes son caros de máis para min.)
- En cambio, ***enough*** ponse detrás do adxectivo e significa "(o) bastante", "abondo" ou "(o) suficiente".
  *This pub is* ***lively enough*** *for us.*
  (Este bar é (o) bastante / abondo animado para nós.)
- E ***not*** + adxectivo + ***enough*** significa "non abondo", "non (o) bastante" ou "non (o) suficientemente".
  *This place is* ***not peaceful enough*** *to study.*
  (Este lugar non é (o) abondo / suficientemente tranquilo para estudar.)

UNIT 7

## O *PRESENT PERFECT SIMPLE*

| Afirmativa | Forma contraída |
|---|---|
| I **have crashed** | I**'ve crashed** |
| You **have crashed** | You**'ve crashed** |
| He **has crashed** | He**'s crashed** |
| She **has crashed** | She**'s crashed** |
| It **has crashed** | It**'s crashed** |
| We **have crashed** | We**'ve crashed** |
| You **have crashed** | You**'ve crashed** |
| They **have crashed** | They**'ve crashed** |
| **Negativa** | **Forma contraída** |
| I **have not crashed** | I **haven't crashed** |
| You **have not crashed** | You **haven't crashed** |
| He **has not crashed** | He **hasn't crashed** |
| She **has not crashed** | She **hasn't crashed** |
| It **has not crashed** | It **hasn't crashed** |
| We **have not crashed** | We **haven't crashed** |
| You **have not crashed** | You **haven't crashed** |
| They **have not crashed** | They **haven't crashed** |

| Interrogativa | Respostas curtas | |
|---|---|---|
| | **Afirmativa** | **Negativa** |
| **Have** I **crashed** ...? | Yes, I **have**. | No, I **haven't**. |
| **Have** you **crashed** ...? | Yes, you **have**. | No, you **haven't**. |
| **Has** he **crashed** ...? | Yes, he **has**. | No, he **hasn't**. |
| **Has** she **crashed** ...? | Yes, she **has**. | No, she **hasn't**. |
| **Has** it **crashed** ...? | Yes, it **has**. | No, it **hasn't**. |
| **Have** we **crashed** ...? | Yes, we **have**. | No, we **haven't**. |
| **Have** you **crashed** ...? | Yes, you **have**. | No, you **haven't**. |
| **Have** they **crashed** ...? | Yes, they **have**. | No, they **haven't**. |

- **Afirmativa**: suxeito + ***has*** / ***have*** + un verbo en participio.
  *We* ***have milked*** *the cows.* (Muximos as vacas.)
- **Negativa**: suxeito + ***has*** / ***have*** + a partícula ***not*** ou a contracción ***n't*** + un verbo en participio.
  *Megan* ***hasn't swum*** *with sharks.*
  (Megan non nadou con tiburóns.)
- **Interrogativa**: ***Has*** / ***have*** + suxeito + un verbo en participio.
  ***Have*** *you* ***had*** *any unusual pets?*
  (Tiveches algunha mascota pouco común?)
- **Respostas curtas**: ponse o pronome persoal suxeito + ***has*** / ***have*** sen contraer en afirmativa ou contraído coa partícula ***not*** en negativa.
  ***Have*** *they* ***discovered*** *anything? Yes, they* ***have****. / No, they* ***haven't****.* (Descubriron algo? Descubriron. Si. / Non.)

- Co *Present Perfect Simple* adoitan empregarse os seguintes **adverbios**:

| | | |
|---|---|---|
| ever | interrogativa: "algunha vez" | *Have you **ever** held a snake?* |
| | negativa: "nunca", "xamais" | *I haven't **ever** fed lions.* |
| never | afirmativa: "nunca", "xamais" | *She has **never** trained dogs.* |
| always | "sempre" | *They've **always** had that car.* |
| already | afirmativa: "xa" | *We've **already** been to Berlin.* |
| just | afirmativa: "acabar/ vir de" | *We have **just** met them.* |
| yet | negativa: "aínda" | *She hasn't tried your cake **yet**.* |
| | interrogativa: "xa" | *Have you watched that film **yet**?* |
| recently | "recentemente" | *Have they been here **recently**?* |
| lately | "ultimamente" | *He hasn't been to the gym **lately**.* |
| several times | "varias veces" | *They have volunteered **several times** at the Cruz Roja.* |
| so far | "até o momento" | *How much of the country have you explored **so far**?* |

Cómpre ter en conta que ***just***, ***already***, ***always***, ***ever*** e ***never***, póñense entre o auxiliar ***have*** e o participio do verbo principal. ***Yet*** colócase ao final da frase. O resto poden ir ao comezo ou ao final da frase, mais adoitan poñerse ao final.

## *FOR / SINCE*

Co *Present Perfect Simple* tamén se empregan as expresións temporais que comezan con:

- A preposición ***for*** seguida dun período de tempo que sinala a duración da acción. Tradúcese como "durante", "ao longo de" ou non se traduce.

  *Your sister has lived in the USA **for** ten years.*
  (A túa irmá viviu nos EUA ao longo de dez anos.)

- A preposición ***since***, que sinala o intre en que comezou a acción. Tradúcese como "desde", "dende".

  *I haven't seen him **since** Tuesday.*
  (Non o vin desde o martes.)

### Os usos do *Present Perfect Simple*

| | |
|---|---|
| Accións que comezaron no pasado e aínda continúan (leva ***for*** ou ***since*** e tradúcese en presente) | *Sam **has volunteered** at the Red Cross **since** 1998.* (Sam é voluntario da Cruz Vermella desde 1998.) |
| Accións pasadas que afectan ao presente ou teñen consecuencias no momento actual | *I **have rowed** for hours. I'm very tired now.* (Remei durante horas. Agora estou moi canso.) |
| Accións pasadas sen especificar cando ocorreron | *I **have parachuted** once.* (Saltei en paracaídas unha vez.) |
| Accións moi recentes (leva ***just*** e tradúcese por "acabar / vir de" + infinitivo) | *The aeroplane **has just landed**.* (O avión vén de aterrar.) |

## UNIT 8

### OS CUANTIFICADORES

| | | |
|---|---|---|
| a lot of | Con substantivos contábeis en plural e non contábeis. | |
| | moito/a/os/as unha chea/ morea de | ***A lot of** musicians play here.* *There is **a lot of** noise.* |
| many | Con substantivos contábeis en plural. | |
| | moitos/as | ***Many** people like rock music.* |
| much | Frases negativas e interrogativas: Con substantivos non contábeis. | |
| | moito/a | *I haven't got **much** time.* |
| | | *Was there **much** money?* |

| | |
|---|---|
| How many ...? Cantos/as...? | Substantivos contábeis en plural. |
| | ***How many** guitars are there?* |
| How much ...? Canto/a...? | Substantivos non contábeis. Cando vai co verbo ***to be*** serve para preguntar o prezo dunha cousa. |
| | ***How much** coordination have you got?* ***How much** is it?* |

### OS DETERMINANTES

| | | |
|---|---|---|
| a / an | Con substantivos contábeis en singular. Empréganse diante dun substantivo que non é coñecido polo falante. | |
| | un/unha | ***a** drum, **an** ambulance* |
| some | Frases afirmativas: Con substantivos contábeis en plural e non contábeis. Frases interrogativas: Cando a pregunta expresa unha oferta ou pedimento e agárdase que a resposta sexa afirmativa. | |
| | uns/unhas algúns/unhas algo de un pouco de (ou non se traduce) | *There are **some** CDs.* *We've got **some** jazz music.* |
| | | *Would you like **some** water?* |
| any | Frases negativas e interrogativas: Con substantivos contábeis en plural e non contábeis. | |
| | ningún/unha nada de (ou non se traduce) | *I haven't got **any** books.* *She hasn't **got** any rhythm.* |
| | algún/unha algúns/unhas algo de (ou non se traduce) | *Are there **any** bananas?* *Have you got **any** money?* |

## *THERE IS / THERE ARE*

| | Contábeis | Non contábeis |
|---|---|---|
| **Afirmativa** | ***There is*** *a concert.* ***There are*** *some mosquitoes.* | ***There is*** *some music.* |
| **Negativa** | ***There isn't*** *a signal.* ***There aren't*** *any builders.* | ***There isn't*** *any noise.* |
| **Interrogativa** | ***Is there*** *a computer?* ***Are there*** *any birds?* | ***Is there*** *any bread?* |
| **Respostas curtas** | *Yes,* ***there is****. / No,* ***there isn't****.* *Yes,* ***there are****. / No,* ***there aren't****.* | |

- **Afirmativa:** ***There is*** vai seguido de substantivos contábeis en singular ou non contábeis. ***There are*** vai seguido de substantivos contábeis en plural. Ambos os dous tradúcense como "Hai...".
- **Negativa:** ***There is*** / ***There are*** + a partícula ***not*** (***There is not*** / ***There are not***) ou a contracción ***n't*** (***There isn't*** / ***There aren't***).
- **Interrogativa:** as preguntas comezan polo verbo ***Is*** / ***Are*** + ***there***.
- **Respostas curtas:** vólvese á orde normal e na negativa empréganse as formas contraídas.

## OS PRONOMES POSESIVOS

| | |
|---|---|
| **mine** | meu/miña, meus/miñas |
| **yours** | teu/túa, teus/túas; seu/súa, seus/súas (de vostede) |
| **his** | seu/súa, seus/súas (del) |
| **hers** | seu/súa, seus/súas (dela) |
| **ours** | noso/a, nosos/as |
| **yours** | voso/a, vosos/as; seu/súa, seus/súas (de vostedes) |
| **theirs** | seu/súa, seus/súas (deles/as) |

- Sinalan de quen é algo. Sustitúen ao substantivo que sinala a cousa posuída e concordan co posuidor.

  *Those trousers are* ***hers****.* (Aqueles pantalóns son seus.)
- Ao traducilos, podes acompañar estes pronomes co artigo determinado.

  *This guitar isn't* ***yours****. It's* ***mine****.*
  (Esta guitarra non é (a) túa. É (a) miña.)

**UNIT 9**

## *CAN / CAN'T*

| Afirmativa | Negativa | Forma contraída |
|---|---|---|
| I **can swim** | I **cannot swim** | I **can't swim** |
| You **can swim** | You **cannot swim** | You **can't swim** |
| He **can swim** | He **cannot swim** | He **can't swim** |
| She **can swim** | She **cannot swim** | She **can't swim** |
| It **can swim** | It **cannot swim** | It **can't swim** |
| We **can swim** | We **cannot swim** | We **can't swim** |
| You **can swim** | You **cannot swim** | You **can't swim** |
| They **can swim** | They **cannot swim** | They **can't swim** |

| Interrogativa | Respostas curtas | |
|---|---|---|
| | **Afirmativa** | **Negativa** |
| **Can** I **swim**? | Yes, I **can**. | No, I **can't**. |
| **Can** you **swim**? | Yes, you **can**. | No, you **can't**. |
| **Can** he **swim**? | Yes, he **can**. | No, he **can't**. |
| **Can** she **swim**? | Yes, she **can**. | No, she **can't**. |
| **Can** it **swim**? | Yes, it **can**. | No, it **can't**. |
| **Can** we **swim**? | Yes, we **can**. | No, we **can't**. |
| **Can** you **swim**? | Yes, you **can**. | No, you **can't**. |
| **Can** they **swim**? | Yes, they **can**. | No, they **can't**. |

- **Afirmativa**: suxeito + ***can*** + verbo na forma base.

  *They* ***can speak*** *English very well.*
  (Saben falar inglés moi ben.)

  *I* ***can carry*** *it in my car.* (Podo levalo no meu coche.)

  *You* ***can cross*** *at a green light.*
  (Podes cruzar con luz verde.)
- **Negativa**: suxeito + ***cannot*** ou a forma contraída ***can't*** + verbo na forma base.

  *We* ***cannot change*** *her.* (Non podemos cambiala.)
- **Interrogativa**: ***can***+ suxeito + verbo na forma base.

  ***Can*** *we* ***go*** *to the caves?* (Podemos ir ás covas?)
- **Respostas curtas**: ponse o pronome persoal suxeito + ***can*** ou ***can't***.

  ***Can*** *you* ***cook****? Yes, I* ***can****. / No, I* ***can't****.*
  (Sabes cociñar? Sei. Si. / Non.)

### Usos do verbo *can*

| | |
|---|---|
| Habilidade ou capacidade para facer algo: "saber, ser quen de" | *She* ***can read*** *very well.* (Ela sabe ler moi ben.) |
| Posibilidade de facer algo: "poder" | *You* ***can break*** *it. Be careful.* (Podes rompelo. Ten coidado.) |
| Pedir permiso ou un favor a alguén con quen se ten confianza: "poder" | ***Can*** *I* ***pick*** *this apple? Yes, you* ***can****.* (Podo coller esta mazá? Podes. Si.) |

## *COULD / COULDN'T*

| Afirmativa | Negativa | Forma contraída |
|---|---|---|
| I **could go** | I **could not go** | I **couldn't go** |
| You **could go** | You **could not go** | You **couldn't go** |
| He **could go** | He **could not go** | He **couldn't go** |
| She **could go** | She **could not go** | She **couldn't go** |
| It **could go** | It **could not go** | It **couldn't go** |
| We **could go** | We **could not go** | We **couldn't go** |
| You **could go** | You **could not go** | You **couldn't go** |
| They **could go** | They **could not go** | They **couldn't go** |

| Interrogativa | Respostas curtas | |
|---|---|---|
| | Afirmativa | Negativa |
| **Could** I **go**? | Yes, I **could**. | No, I **couldn't**. |
| **Could** you **go**? | Yes, you **could**. | No, you **couldn't**. |
| **Could** he **go**? | Yes, he **could**. | No, he **couldn't**. |
| **Could** she **go**? | Yes, she **could**. | No, she **couldn't**. |
| **Could** it **go**? | Yes, it **could**. | No, it **couldn't**. |
| **Could** we **go**? | Yes, we **could**. | No, we **couldn't**. |
| **Could** you **go**? | Yes, you **could**. | No, you **couldn't**. |
| **Could** they **go**? | Yes, they **could**. | No, they **couldn't**. |

- **Afirmativa**: suxeito + ***could*** + verbo na forma base.
  *In the past, you* ***could buy*** *many things with a pound.*
  (No pasado, podíanse mercar moitas cousas con unha libra.)
  *The prisoners* ***could run away*** *through a hole.*
  (Os prisioneiros puideron fuxir por un burato.)
- **Negativa**: suxeito + ***could not*** ou a forma contraída ***couldn't*** + verbo na forma base.
  *They* ***couldn't find*** *any ghosts in the house.*
  (Non puideron atopar pantasma ningunha na casa.)
- **Interrogativa**: ***could*** + suxeito + verbo na forma base.
  ***Could*** *they* ***give*** *you any explanation?*
  (Puideron darche algunha explicación?)
- **Respuestas breves**: ponse o pronome persoal suxeito + ***could*** ou ***couldn't***.
  ***Could*** *you* ***arrive*** *on time? Yes, I* ***could****. / No, I* ***couldn't****.*
  (Puideches chegar a tempo? Puiden. Si. / Non.)

### Os usos de *could*

| | |
|---|---|
| Habilidade ou capacidade para facer algo no pasado | *Sam* ***could read*** *at the age of six.* (Sam sabía ler aos seis anos.) |
| Posibilidade de facer algo no pasado | *I* ***couldn´t refuse*** *to do it.* (Non puiden negarme a facelo.) |

## *SHOULD / SHOULDN'T*

| Afirmativa | Negativa |
|---|---|
| I **should try** | I **shouldn't try** |
| You **should try** | You **shouldn't try** |
| He **should try** | He **shouldn't try** |
| She **should try** | She **shouldn't try** |
| It **should try** | It **shouldn't try** |
| We **should try** | We **shouldn't try** |
| You **should try** | You **shouldn't try** |
| They **should try** | They **shouldn't try** |

| Interrogativa | Respostas curtas | |
|---|---|---|
| | Afirmativa | Negativa |
| **Should** I **try**? | Yes, I **should**. | No, I **shouldn't**. |
| **Should** you **try**? | Yes, you **should**. | No, you **shouldn't**. |
| **Should** he **try**? | Yes, he **should**. | No, he **shouldn't**. |
| **Should** she **try**? | Yes, she **should**. | No, she **shouldn't**. |
| **Should** it **try**? | Yes, it **should**. | No, it **shouldn't**. |
| **Should** we **try**? | Yes, we **should**. | No, we **shouldn't**. |
| **Should** you **try**? | Yes, you **should**. | No, you **shouldn't**. |
| **Should** they **try**? | Yes, they **should**. | No, they **shouldn't**. |

- **Afirmativa**: suxeito + ***should*** + verbo na forma base.
  *You* ***should act*** *in that film.*
  (Deberías actuar nesa película.)
- **Negativa**: suxeito + ***shouldn't*** + verbo na forma base.
  *Ships* ***shouldn't sail*** *on Friday.*
  (Os barcos non deberían zarpar en venres.)
- **Interrogativa**: ***should*** + suxeito + verbo na forma base.
  ***Should*** *I* ***be*** *worried?* (Debería estar preocupado?)
- **Respostas curtas**: ponse o pronome persoal suxeito + ***should*** ou ***shouldn't***.
  ***Should*** *we* ***believe*** *in bad luck? Yes, we* ***should****. / No, we* ***shouldn't****.*
  (Deberiamos crer na mala sorte? Deberiamos. Si. / Non.)

### Os usos de *should / shouldn't*

| | |
|---|---|
| Darmos consellos | *You* ***should go*** *now. It's late.* (Deberías marchar xa. É tarde.) |
| Dicirmos o que se debería ou non facer | *They* ***shouldn´t shout*** *here.* (Non deberían berrar aquí.) |

## *MUST / MUSTN'T*

| Afirmativa | Negativa |
|---|---|
| I **must sweep** | I **mustn't sweep** |
| You **must sweep** | You **mustn't sweep** |
| He **must sweep** | He **mustn't sweep** |
| She **must sweep** | She **mustn't sweep** |
| It **must sweep** | It **mustn't sweep** |
| We **must sweep** | We **mustn't sweep** |
| You **must sweep** | You **mustn't sweep** |
| They **must sweep** | They **mustn't sweep** |

- **Afirmativa**: suxeito + ***must*** + verbo na forma base.
  *She* ***must tell*** *them the truth.*
  (Ela debe contarlles a verdade.)
- **Negativa**: suxeito + ***must not*** ou ***mustn't*** (a máis habitual é a segunda) + verbo na forma base.
  *They* ***mustn't take*** *photographs here.*
  (Non deben facer fotografías aquí.) [está prohibido]
  *You* ***mustn't break*** *a mirror.*
  (Non debes romper un espello.) [non convén]

- **Interrogativa**: *Must* + suxeito + verbo na forma base. Neste caso, ***must*** expresa obriga ou necesidade, aínda que este verbo modal non se adoita empregar na forma interrogativa.

  ***Must*** *we* ***speak*** *to the manager?*
  (Debemos falar co encargado?)
- **Respostas curtas**: ponse o pronome persoal suxeito + ***must*** ou ***mustn't***.

  ***Must*** *I* ***take*** *you home? Yes, you* ***must***. */ No, you* ***mustn't***. (Debo levarte á casa? Debes. Si. / Non.)

### Os usos de *must / mustn't*

| | |
|---|---|
| Obriga, necesidade ou conveniencia de facer algo: "deber" | *I* ***must give*** *them an explanation.* (Debo darlles unha explicación.) |
| Prohibición de facer algo porque non está permitido, non convén ou non é correcto. | *You* ***mustn´t scratch*** *your nose.* (Non debes rañar o nariz.) |

## REPASO DOS TEMPOS VERBAIS

| ***Present Simple*** (véxase a páx. 9) | |
|---|---|
| Usos | Verdades xerais e descricións. |
| | Feitos habituais ou cotiáns. |
| | Gostos e opinións. |
| | Programas e horarios. |
| Expresións temporais: ***every day***, ***on Mondays***, etc.<br>Adverbios de frecuencia: ***always***, ***usually***, ***often***, ***never***, etc. | |

| ***Present Continuous*** (véxase a páx. 10) | |
|---|---|
| Usos | Accións que están a ocorrer no intre de falar ou no período de tempo presente. |
| Expresións temporais: ***now***, ***at the moment***, ***this week***, etc. | |

| ***Past Simple*** (véxase a páx. 11) | |
|---|---|
| Usos | Expresarmos accións pasadas. |
| | Dicirmos o que ocorreu nun momento concreto. |
| | Contarmos historias en pasado. |
| | Contarmos como eran as cousas noutro tempo. |
| Expresións temporais: ***a week ago***, ***last night***, ***yesterday***, etc. | |

| ***Past Continuous*** (véxase a páx. 12) | |
|---|---|
| Usos | Accións que estaban en progreso no pasado. |
| | Accións que eran simultáneas no pasado |
| Expresións temporais: ***at*** + unha hora, ***last night***, etc. | |

| ***will*** (véxase a páx. 12) | |
|---|---|
| Usos | Anunciarmos accións ou feitos futuros. |
| | Predicirmos o que se cre que ocorrerá. |
| | Expresarmos decisións súbitas. |
| Expresiones temporales: ***later***, ***one day, in the future***, etc. | |

| **Primeiro condicional** (véxase a páx. 13) | |
|---|---|
| Usos | Expresarmos o que ocorrerá se se cumpre a condición sinalada. |
| Condición: ***If*** / ***Unless*** + *Present Simple* | |
| Resultado: futuro con ***will*** | |

| ***be going to*** (véxase a páx. 13) | |
|---|---|
| Usos | Expresarmos plans, intencións e decisións. |
| | Expresarmos o que vai ocorrer pois hai sinais diso. |
| Expresións temporais: ***later***, ***soon***, ***in*** + un ano, etc. | |

| ***Present Continuous*** **con valor de futuro** (véxase a páx. 14) | |
|---|---|
| Usos | Accións que ocorrerán no futuro próximo pois xa se fixaron de antemán. |
| Expresións temporais: ***soon***, ***later***, ***tonight***, ***next year***, etc. | |

| ***Present Perfect Simple*** (véxase a páx. 15) | |
|---|---|
| Usos | Accións que comezaron no pasado e aínda continúan. |
| | Accións pasadas que afectan ao presente. |
| | Accións ocorridas no pasado sen especificar cando ocorreron. |
| | Accións pasadas recentes. |
| Expresións temporais: ***for***, ***since***, ***ever***, ***never***, ***just***, etc. | |

# Irregular Verb List

| BASE FORM (V1) | PAST SIMPLE (V2) | PAST PARTICIPLE (V3) | GALEGO |
|---|---|---|---|
| be /biː/ | was/were /wɒz/wɜː/ | been /biːn/ | ser, estar |
| beat /biːt/ | beat /biːt/ | beaten /ˈbiːtn/ | golpear, bater |
| become /bɪˈkʌm/ | became /bɪˈkeɪm/ | become /bɪˈkʌm/ | chegar a ser, converterse |
| begin /bɪˈgɪn/ | began /bɪˈgæn/ | begun /bɪˈgʌn/ | comezar |
| bend /bend/ | bent /bent/ | bent /bent/ | dobrar(se) |
| bet /bet/ | bet /bet/ | bet /bet/ | apostar |
| bite /baɪt/ | bit /bɪt/ | bitten /ˈbɪtn/ | trabar |
| bleed /bliːd/ | bled /bled/ | bled /bled/ | sangrar |
| blow /bləʊ/ | blew /bluː/ | blown /bləʊn/ | soprar |
| break /breɪk/ | broke /brəʊk/ | broken /ˈbrəʊkən/ | crebar, romper |
| bring /brɪŋ/ | brought /brɔːt/ | brought /brɔːt/ | traer |
| build /bɪld/ | built /bɪlt/ | built /bɪlt/ | construír |
| burn /bɜːn/ | burnt/burned /bɜːnt/bɜːnd/ | burnt/burned /bɜːnt/bɜːnd/ | queimar |
| buy /baɪ/ | bought /bɔːt/ | bought /bɔːt/ | mercar |
| catch /kætʃ/ | caught /kɔːt/ | caught /kɔːt/ | coller, agarrar |
| choose /tʃuːz/ | chose /tʃəʊz/ | chosen /ˈtʃəʊzn/ | elixir |
| come /kʌm/ | came /keɪm/ | come /kʌm/ | vir |
| cost /kɒst/ | cost /kɒst/ | cost /kɒst/ | custar |
| cut /kʌt/ | cut /kʌt/ | cut /kʌt/ | cortar |
| dig /dɪg/ | dug /dʌg/ | dug /dʌg/ | cavar |
| do /duː/ | did /dɪd/ | done /dʌn/ | facer |
| draw /drɔː/ | drew /druː/ | drawn /drɔːn/ | debuxar |
| dream /driːm/ | dreamt/dreamed /dremt/driːmd/ | dreamt/dreamed /dremt/driːmd/ | soñar |
| drink /drɪŋk/ | drank /dræŋk/ | drunk /drʌŋk/ | beber |
| drive /draɪv/ | drove /drəʊv/ | driven /ˈdrɪvn/ | conducir |
| eat /iːt/ | ate /eɪt/ | eaten /iːtn/ | comer |
| fall /fɔːl/ | fell /fel/ | fallen /ˈfɔːlən/ | caer |
| feed /fiːd/ | fed /fed/ | fed /fed/ | alimentar |
| feel /fiːl/ | felt /felt/ | felt /felt/ | sentir(se) |
| fight /faɪt/ | fought /fɔːt/ | fought /fɔːt/ | loitar, pelexar |
| find /faɪnd/ | found /faʊnd/ | found /faʊnd/ | atopar |
| fly /flaɪ/ | flew /fluː/ | flown /fləʊn/ | voar |
| forget /fəˈget/ | forgot /fəˈgɒt/ | forgotten /fəˈgɒtn/ | esquecer |
| forgive /fəˈgɪv/ | forgave /fəˈgeɪv/ | forgiven /fəˈgɪvn/ | perdoar |
| freeze /friːz/ | froze /frəʊz/ | frozen /ˈfrəʊzn/ | conxelar(se) |
| get /get/ | got /gɒt/ | got /gɒt/ | conseguir, acadar; chegar |
| give /gɪv/ | gave /geɪv/ | given /gɪvn/ | dar |
| go /gəʊ/ | went /went/ | gone /gɒn/ | ir |
| grow /grəʊ/ | grew /gruː/ | grown /grəʊn/ | crecer, medrar; cultivar |
| hang /hæŋ/ | hanged/hung /hæŋd/hʌŋ/ | hanged/hung /hæŋd/hʌŋ/ | pendurar |
| have /hæv/ | had /hæd/ | had /hæd/ | ter; haber |
| hear /hɪə/ | heard /hɜːd/ | heard /hɜːd/ | oír, ouvir |
| hide /haɪd/ | hid /hɪd/ | hidden /ˈhɪdn/ | agochar |
| hit /hɪt/ | hit /hɪt/ | hit /hɪt/ | golpear, bater, pegar |
| hold /həʊld/ | held /held/ | held /held/ | suxeitar, termar de |
| hurt /hɜːt/ | hurt /hɜːt/ | hurt /hɜːt/ | ferir, mancar; doer |
| keep /kiːp/ | kept /kept/ | kept /kept/ | gardar, manter |
| know /nəʊ/ | knew /n juː/ | known /nəʊn/ | saber, coñecer |
| lay /leɪ/ | laid /leɪd/ | laid /leɪd/ | poñer, pór; estender |
| lead /liːd/ | led /led/ | led /led/ | guiar, conducir |

| BASE FORM (V1) | PAST SIMPLE (V2) | PAST PARTICIPLE (V3) | GALEGO |
|---|---|---|---|
| learn /lɜːn/ | learnt/learned /lɜːnt/lɜːnd/ | learnt/learned /lɜːnt/lɜːnd/ | aprender |
| leave /liːv/ | left /left/ | left /left/ | deixar; marchar, irse, saír |
| lend /lend/ | lent /lent/ | lent /lent/ | emprestar |
| let /let/ | let /let/ | let /let/ | permitir, deixar |
| lie /laɪ/ | lay /leɪ/ | lain /leɪn/ | tombarse, deitarse |
| lie /laɪ/ (regular verb) | lied /laɪd/ | lied /laɪd/ | mentir |
| light /laɪt/ | lit /lɪt/ | lit /lɪt/ | acender, prender |
| lose /luːz/ | lost /lɒst/ | lost /lɒst/ | perder |
| make /meɪk/ | made /meɪd/ | made /meɪd/ | facer, fabricar |
| mean /miːn/ | meant /ment/ | meant /ment/ | significar, querer dicir |
| meet /miːt/ | met /met/ | met /met/ | coñecer a; xuntarse / quedar con |
| pay /peɪ/ | paid /peɪd/ | paid /peɪd/ | pagar |
| put /pʊt/ | put /pʊt/ | put /pʊt/ | poñer, pór |
| read /riːd/ | read /red/ | read /red/ | ler |
| ride /raɪd/ | rode /rəʊd/ | ridden /'rɪdn/ | montar |
| ring /rɪŋ/ | rang /ræŋ/ | rung /rʌŋ/ | chamar, telefonar |
| rise /raɪz/ | rose /rəʊz/ | risen /'rɪzn/ | elevarse, erguerse |
| run /rʌn/ | ran /ræn/ | run /rʌn/ | correr |
| say /seɪ/ | said /sed/ | said /sed/ | dicir |
| see /siː/ | saw /sɔː/ | seen /siːn/ | ver |
| sell /sel/ | sold /səʊld/ | sold /səʊld/ | vender |
| send /send/ | sent /sent/ | sent /sent/ | enviar |
| set /set/ | set /set/ | set /set/ | colocar |
| shake /ʃeɪk/ | shook /ʃʊk/ | shaken /'ʃeɪkən/ | axitar |
| shine /ʃaɪn/ | shone /ʃɒn/ | shone /ʃɒn/ | brillar, escintilar |
| shoot /ʃuːt/ | shot /ʃɒt/ | shot /ʃɒt/ | disparar |
| show /ʃəʊ/ | showed /ʃəʊd/ | shown /ʃəʊn/ | amosar, ensinar |
| shut /ʃʌt/ | shut /ʃʌt/ | shut /ʃʌt/ | pechar |
| sing /sɪŋ/ | sang /sæŋ/ | sung /sʌŋ/ | cantar |
| sink /sɪŋk/ | sank /sæŋk/ | sunk /sʌŋk/ | afundir |
| sit /sɪt/ | sat /sæt/ | sat /sæt/ | sentar |
| sleep /sliːp/ | slept /slept/ | slept /slept/ | durmir |
| smell /smel/ | smelt/smelled /smelt/smeld/ | smelt/smelled /smelt/smeld/ | ulir, cheirar |
| speak /spiːk/ | spoke /spəʊk/ | spoken /spəʊkən/ | falar |
| spell /spel/ | spelt/spelled /spelt/speld/ | spelt/spelled /spelt/speld/ | soletrear |
| spend /spend/ | spent /spent/ | spent /spent/ | gastar; pasar (tempo) |
| stand /stænd/ | stood /stʊd/ | stood /stʊd/ | estar a pé |
| steal /stiːl/ | stole /stəʊl/ | stolen /'stəʊlən/ | roubar |
| stick /stɪk/ | stuck /stʌk/ | stuck /stʌk/ | pegar |
| sweep /swiːp/ | swept /swept/ | swept /swept/ | varrer |
| swim /swɪm/ | swam /swæm/ | swum /swʌm/ | nadar |
| take /teɪk/ | took /tʊk/ | taken /'teɪkən/ | coller; levar |
| teach /tiːtʃ/ | taught /tɔːt/ | taught /tɔːt/ | ensinar |
| tear /teə/ | tore /tɔː/ | torn /tɔːn/ | rachar, esgazar |
| tell /tel/ | told /təʊld/ | told /təʊld/ | dicir, contar |
| think /θɪŋk/ | thought /θɔːt/ | thought /θɔːt/ | coidar, pensar |
| throw /θrəʊ/ | threw /θruː/ | thrown /θrəʊn/ | tirar; guindar, lanzar |
| understand /ʌnde'stænd/ | understood /ʌnde'stʊd/ | understood /ʌnde'stʊd/ | comprender, entender |
| wake up /weɪk 'ʌp/ | woke up /wəʊk 'ʌp/ | woken up /wəʊkən 'ʌp/ | espertar |
| wear /weə/ | wore /wɔː/ | worn /wɔːn/ | levar posto, vestir |
| win /wɪn/ | won /wʌn/ | won /wʌn/ | gañar |
| write /raɪt/ | wrote /rəʊt/ | written /'rɪtn/ | escribir |

# Writing Guide

## ANTES DE ESCRIBIRMOS >> Brainstorming

- Repara en que comprendes o tema sobre o que vas escribir.
- Fai unha listaxe de ideas relacionadas con ese tema e anota todas as que se che ocorran sen preocuparte pola gramática nin pola ortografía.
- Logo le esa listaxe de ideas e escolle as importantes.

**History of Tennis**

Major Walter Wingfield invented the game in 1873.

He gave it the name *Spharistike*.

~~People play tennis on tennis courts~~.

The first world tennis competition at Wimbledon was in 1877.

In 1877 there were 22 players and 200 spectators.

~~People wear tennis shoes when they play tennis.~~

Spencer Gore won the first competition.

In 1884, women started competing in Wimbledon.

## ESCRIBE UN TEXTO >> Writing a paragraph

Un texto divídese en tres partes:

- O **limiar** ou primeira oración (***opening sentence***), que presenta o tema.
- O **desenvolvemento** ou corpo do texto (***body of paragraph***), que amplía a idea principal con información importante.
- A **conclusión** ou derradeira oración (***closing sentence***), que resume o tema e repite a idea principal con outras palabras.

I love music. — **opening sentence**

I use my MP4 on the way to school. I download songs from the Internet onto my MP4 and I listen to it all the time. I like many types of music: hip-hop, Latin, jazz and pop, too. — **body of paragraph**

When there is good music, I'm happy. — **closing sentence**

## REPASA O ESCRITO >> Checking your work

### AS MAIÚSCULAS
(Capital letters)

Escríbense con maiúscula:

- os nomes e títulos de persoas:
  *Mrs Sandra Bennett*, *Dr Perry*, *Ray Mears*
- os nomes de lugares como cidades, países, continentes, edificios famosos, museos, etc.: *London*, *Italy*, *Asia*, *the Eiffel Tower*, *the Guggenheim Museum*
- as nacionalidades: *English*, *Chinese*, *American*
- os días: *Saturday*, *Tuesday*, *Friday*
- os meses: *January*, *July*, *October*
- a primeira palabra dunha oración: *My sister is thirteen years old*.
- pronome persoal ***I***: *I go ice skating and I play the guitar.*
- os idiomas: *French*, *Thai*, *Arabic*
- as palabras importantes dos títulos de libros e películas, cancións, festividades e xogos de ordenador:
  *Harry Potter and the Half-Blood Prince*
  *Avatar*
  *California Dreamin'*
  *Christmas*
  *Tomb Raider II*

### AS PREPOSICIÓNS DE TEMPO
(Prepositions of time)

Empréganse distintas preposicións diante das horas e os períodos de festa, os días e as datas, os meses, os anos e as partes do día. É moi importante que saibas empregar a correcta en cada caso. Préstalle atención a estes exemplos:

| | | |
|---|---|---|
| • **at** | horas: | *at two o'clock* |
| | festividades: | *at Christmas* |
| • **on** | días da semana: | *on Sunday* |
| | datas: | *on 10th May* |
| | | *on Christmas Day* |
| • **in** | meses: | *in June* |
| | estacións: | *in winter* |
| | anos: | *in 2010* |
| | partes do día: | *in the evening* |
| Agás: | | *at the weekend* |
| | | *at night* |

## A PUNTUACIÓN
(Punctuation)

- O punto (.) vai ao final das oracións afirmativas e negativas.
  *Mary is fourteen years old.*
- A vírgula (,) emprégase para separarmos palabras ou ideas. Polo xeral non se pon diante de ***and***.
  *I've got maths, English and science today.*
- O sinal de interrogación (?) ponse ao final das preguntas.
  *Do you like sport?*
- O sinal de exclamación (!) ponse ao final da frase para expresarmos unha emoción ou un sentimento e para facer fincapé en algo.
  *I love football!*

## A ORDE DAS PALABRAS: SUXEITO - VERBO
(Word order: Subject – Verb)

O suxeito da oración ponse diante do verbo.

*David walks to school.*
s v

*David is riding a new bike.*
s v

Mais nas preguntas vai detrás do verbo ou entre o auxiliar e o verbo principal.

*Where is my hairdryer?*
v s

*Does David walk to school?*
aux s v

## A ORDE DAS PALABRAS: OS ADXECTIVOS
(Word order: Adjectives)

Polo xeral van diante dos substantivos.

*warm sweater*
adx sb

E tamén detrás do verbo ***to be***.
*The sweater is warm.*

## A ORDE DAS PALABRAS: OS ADVERBIOS
(Word order: Adverbs)

Os adverbios van detrás do verbo.

*Anna is sitting very quietly.*
adverb of degree adverb of manner

## OS CONECTORES DE SECUENCIA
(Connectors of sequence)

Ao contarmos unha serie de feitos empregamos estas palabras para amosar a orde en que ocorreron:

- ***first*** (primeiro, en primeiro lugar)
- ***then*** (logo, daquela, entón)
- ***next*** (a continuación, deseguido)
- ***after that*** (logo, despois [diso])
- ***finally*** (finalmente, para rematar)

***First*** indica o primeiro que pasou e ***finally*** o derradeiro.

*My grandfather came to England sixty years ago. **First**, he got a job in a restaurant. **Next**, he went to university and he studied science. **Then**, he became a chemist and he opened a chemist's in the centre of town. **After that**, he met my grandmother and they got married. He worked for many years, but **finally**, he sold his shop and they went to live near the sea.*

## AS CONXUNCIÓNS
(Linking words)

Son palabras que unen dúas ou máis ideas.

- ***and*** (e) une dúas oracións ou ideas.
  *I sailed to Greece **and** I flew to Australia last year.*
- ***or*** (ou) une dúas ideas desemellantes.
  *We walk to school **or** we go on a bus.*
- ***but*** (mais, pero) une dúas ideas contraditorias entre si.
  *David likes travelling **but** he doesn't like flying.*
- ***because*** (porque) expresa a razón ou causa de algo.
  *Janice doesn't go on a motorboat **because** she doesn't like water.*

# Language Builder

## unit 1 (Page 7)

### Write the Dialogue

**3. Jane is at an audition for the TV programme Britain's Got Talent. Write the dialogue between Jane and Simon (the judge).**

1. Simon pregunta se Jane toca a guitarra.
   Simon: ..........
2. Jane contesta que si.
   Jane: ..........
3. Simon pregunta con que frecuencia toca Jane a guitarra.
   Simon: ..........
4. Jane contesta que polo xeral toca tres veces á semana.
   Jane: ..........
5. Simon pregunta cando toca Jane polo xeral.
   Simon: ..........
6. Jane contesta que polo xeral toca polas tardes
   Jane: ..........

## unit 2 (Page 9)

### Write the Dialogue

**3. Benny and Elaine are talking on the phone. Write the dialogue between them.**

1. Benny pregúntalle a Elaine onde está.
   Benny: ..........
2. Elaine contesta que está no mercado de Londres.
   Elaine: ..........
3. Benny pregunta quen está con Elaine.
   Benny: ..........
4. Elaine contesta que está coa súa irmá, Dora.
   Elaine: ..........
5. Benny pregunta qué están a facer Dora e Elaine.
   Benny: ..........
6. Elaine contesta que están a mercar roupa.
   Elaine: ..........

## unit 3 (Page 11)

### Write the Dialogue

**3. Cathy is asking Mark about his grandmother. Write the dialogue between them.**

1. Cathy pregunta onde naceu a avoa de Mark.
   Cathy: ..........
2. Mark contesta que naceu en Australia.
   Mark: ..........
3. Cathy pregunta cando casou a avoa de Mark.
   Cathy: ..........
4. Mark contesta que casou en 1961.
   Mark: ..........
5. Cathy pregunta qué era a avoa de Mark.
   Cathy: ..........
6. Mark contesta que era escritora.
   Mark: ..........

## unit 4 (Page 13)

### Write the Dialogue

**3. Dave meets his friend Joe at the shopping centre. Write the dialogue between them.**

1. Dave pregunta con quen estaba a falar Joe.
   Dave: ..........
2. Joe contesta que estaba a falar cunha rapaza guapa.
   Joe: ..........
3. Dave pregunta a onde ía a rapaza.
   Dave: ..........
4. Joe contesta que ía traballar.
   Joe: ..........
5. Dave pregunta por que ela estaba a rir.
   Dave: ..........
6. Joe contesta que el estaba a contar unha historia graciosa.
   Joe: ..........

## unit 5 (Page 15)

### Write the Dialogue

**3. Lucy and Jay are talking about the year 3000. Write the dialogue between them.**

1. Lucy pregúntalle a Jay se cre que haberá paz no mundo.
   **Lucy:** ........................................
2. Jay contéstalle que non.
   **Jay:** ........................................
3. Lucy di que está certa de que os robots prepararán as nosas comidas.
   **Lucy:** ........................................
4. Jay di que non está certo. Di que se cadra os robots fregarán os pratos.
   **Jay:** ........................................
5. Lucy pregúntalle a Jay se cre que os elefantes se extinguirán.
   **Lucy:** ........................................
6. Jay contéstalle que si.
   **Jay:** ........................................
7. Lucy di que probabelmente a xente irá de vacacións á lúa.
   **Lucy:** ........................................
8. Jay di que el cre que a xente vivirá na lúa.
   **Jay:** ........................................

## unit 6 (Page 17)

### Write the Dialogue

**3. Rob and Phil are discussing where to go. Write the dialogue between them.**

1. Rob pregúntalle a Phil que lugar quere visitar.
   **Rob:** ........................................
2. Phil contesta que quere visitar a praia. Engade que lle encanta nadar no océano.
   **Phil:** ........................................
3. Rob di que semella agradábel. Mais non lle gusta andar pola praia.
   **Rob:** ........................................
4. Phil di que quizais o bosque sexa un lugar agradábel para visitar.
   **Phil:** ........................................
5. Rob está de acordo e di que alí se está realmente tranquilo.
   **Rob:** ........................................
6. Phil di que goza ollando as árbores e as flores do bosque.
   **Phil:** ........................................

## unit 7 (Page 19)

### Write the Dialogue

**3. Jim and Claire are talking about dangerous activities. Write the dialogue between them.**

1. Claire di que leu sobre unha rapaza interesante. Escalou o monte Everest. Engade que esa non é a súa idea de divertimento.
   Claire: ...............................................................
2. Jim di que a el lle encantaría facer iso. Engade que soa realmente emocionante.
   Jim: ...............................................................
3. Claire di que os seus amigos nadaron con tiburóns o ano pasado.
   Claire: ...............................................................
4. Jim di que non pode crer que a xente fixera iso! Pregunta como de tola pode estar a xente.
   Jim: ...............................................................
5. Claire pregúntalle a Jim se lle gustaría saltar en paracaídas desde un avión.
   Claire: ...............................................................
6. Jim di que é demasiado arrepiante. Di que lle gustaría facer sendeirismo na xungla.
   Jim: ...............................................................

## unit 8 (Page 21)

### Write the Dialogue

**3. Tom and Ann are talking about music. Write the dialogue between them.**

1. Tom pregúntalle a Ann se lle gusta esta canción de *hip-hop*.
   Tom: ...............................................................
2. Ann contesta que si. Engade que cre que é unha canción estupenda.
   Ann: ...............................................................
3. Tom di que a todo o mundo lle gusta moito esta banda. Mais engade que non pode aturar o *hip-hop*.
   Tom: ...............................................................
4. Ann pregúntalle a Tom qué tipo de música lle gusta.
   Beth: ...............................................................
5. Tom contesta que a el lle gustan o *jazz* e o *reggae*.
   Tom: ...............................................................
6. Ann di que a ela realmente non lle gusta o *jazz*, mais encántalle o *reggae*.
   Beth: ...............................................................
7. Tom di que o *reggae* é o tipo de música máis relaxante.
   Tom: ...............................................................

## unit 9 (Page 23)

### Write the Dialogue

**3. Dave is asking Jane about something that happened to her. Write the dialogue between them.**

1. Dave dille a Jane que parece desgustada. Pregúntalle qué pasa.
   Dave: ............
2. Jane di que oíu un ruído estraño.
   Jane: ............
3. Dave pregunta onde estaba Jane.
   Dave: ............
4. Jane di que estaba no bosque.
   Jane: ............
5. Dave pregúntalle a Jane por que foi alí.
   Dave: ............
6. Jane contesta que foi alí porque estaba a procurar o seu can.
   Jane: ............

# Check Your Progress

## Translation Exercises

### UNIT 1

1. Os luns non preciso calculadora para o colexio.
   ..........
2. Sara estuda ciencias os martes pola mañá.
   ..........
3. A onde adoitas ir bailar?
   ..........
4. Con que frecuencia xogas ao voleibol?
   ..........
5. Cando envían mensaxes de texto os teus pais?
   ..........

### UNIT 2

1. A miúdo vou á pista de birlos cos meus amigos.
   ..........
2. Nick vai a miúdo patinar á pista de xeo.
   ..........
3. Jim está a agardar na cola para mercar entradas.
   ..........
4. Eve e mais Liz están a pasar o tempo cos seus amigos.
   ..........
5. Por que estás a pedir o xantar agora?
   ..........

### UNIT 3

1. O sobriño de Lisa naceu en Escocia.
   ..........
2. Namoreime de Sophie o verán pasado.
   ..........
3. Non houbo comida boa na festa de Rina.
   ..........
4. Cantos anos tiñas cando te fixeches profesor?
   ..........
5. Brad Pitt e Jennifer Aniston casaron no ano 2000.
   ..........

### UNIT 4

1. Cando nos chamaron estabamos a facer cola.
   ..........
2. Collemos un taxi cara ao hotel pois estaba a chover.
   ..........
3. Esta noite ás dez estaba a facer a maleta.
   ..........
4. Estaba a mercar comida cando perdín a carteira.
   ..........
5. O meu tren saíu mentres eu estaba a procurar o meu billete.
   ..........
   ..........

### UNIT 5

1. O tempo cambiará esta noite. Haberá treboada.
   ..........
2. Xogaremos ao fútbol no parque hoxe se non chove.
   ..........
3. Usain Bolt superará unha nova marca este verán.
   ..........
4. Se o meu equipo perde o partido, estaremos moi tristes.
   ..........
5. Vou ver a carreira desde a liña de meta.
   ..........

### UNIT 6

1. Este teléfono móbil é o teléfono máis caro da tenda.
   ..........
2. Esta caixa é pesada de máis para min.
   ..........
3. Esas cores non son vivas abondo para a miña nai.
   ..........
4. Este hotel é máis barato que ese hotel.
   ..........
5. Esta praia seica é tan tranquila e agradábel como Zahara.
   ..........
   ..........

## UNIT 7

1. Uns científicos veñen de descubrir unha serpe nova.
   ..........
2. Algunha vez nadaches con tiburóns?
   ..........
3. Aínda non fun voluntario no refuxio de animais.
   ..........
4. Canto tempo hai que adestras elefantes?
   ..........
5. Non podo crer que tocaras unha araña.
   ..........

## UNIT 8

1. Hai moitas baterías nesta tenda.
   ..........
2. Sempre empregamos o ar acondicionado no verán.
   ..........
3. Non hai moito ruído no noso colexio.
   ..........
4. Este secador non é meu. É seu.
   ..........
5. Non podo soportar a música clásica. É aborrecida de máis.
   ..........

## UNIT 9

1. Non debes poñer os zapatos enriba da mesa.
   ..........
2. Non deberías coller as flores do parque.
   ..........
3. Se varres a casa en venres, traerache mala sorte.
   ..........
4. Seica estás realmente confuso. Podo axudarche?
   ..........
5. A miña irmá estaba asustada cando viu o teu can.
   ..........

# Cadros resumo das equivalencias dos tempos verbais entre o inglés e o galego

| TEMPOS VERBAIS | TENSES | OUTRAS EQUIVALENCIAS |
|---|---|---|
| **PRESENTE** | **PRESENT SIMPLE** | |
| eu xogo<br>ti xogas<br>el, ela xoga<br>nós xogamos<br>vós xogades<br>eles, elas xogan | I play<br>you play<br>he, she, it plays<br>we play<br>you play<br>they play | |
| **PERÍFRASE** | **PRESENT CONTINUOUS** | **FUTURO: PERÍFRASE** |
| eu estou a xogar / xogando<br>ti estás a xogar / xogando<br>el, ela está a xogar / xogando<br>nós estamos a xogar / xogando<br>vós estades a xogar / xogando<br>eles, elas están a xogar / xogando | I am playing<br>you are playing<br>he, she, it is playing<br>we are playing<br>you are playing<br>they are playing | eu vou xogar<br>ti vas xogar<br>el, ela vai xogar<br>nós imos xogar<br>vós ides xogar<br>eles, elas van xogar |
| | **FUTURE: *BE GOING TO*** | |
| | I am going to play<br>you are going to play<br>he, she, it is going to play<br>we are going to play<br>you are going to play<br>they are going to play | |
| **FUTURO** | **FUTURE: *WILL*** | |
| eu xogarei<br>ti xogarás<br>el, ela xogará<br>nós xogaremos<br>vós xogaredes<br>eles, elas xogarán | I will play<br>you will play<br>he, she, it will play<br>we will play<br>you will play<br>they will play | |
| **PRETÉRITO IMPERFECTO** | **PAST CONTINUOUS** | **PERÍFRASE** |
| eu xogaba<br>ti xogabas<br>el, ela xogaba<br>nós xogabamos<br>vós xogabades<br>eles, elas xogaban | I was playing<br>you were playing<br>he, she, it was playing<br>we were playing<br>you were playing<br>they were playing | eu estaba a xogar<br>ti estabas a xogar<br>el, ela estaba a xogar<br>nós estabamos a xogar<br>vós estabades a xogar<br>eles, elas estaban a xogar |
| | **PAST SIMPLE** | |
| **PRETÉRITO PERFECTO** | I played<br>you played<br>he, she, it played<br>we played<br>you played<br>they played | |
| eu xoguei<br>ti xogaches<br>el, ela xogou<br>nós xogamos<br>vós xogastes<br>eles, elas xogaron | **PRESENT PERFECT** | **PERÍFRASE** |
| | I have played<br>you have played<br>he, she, it has played<br>we have played<br>you have played<br>they have played | eu teño xogado<br>ti tes xogado<br>el, ela ten xogado<br>nós temos xogado<br>vós tedes xogado<br>eles, elas teñen xogado |